

Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 605, do 27.2.1997. Corrección de erros: BOPG núm. 614, do 11.3.1997.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 626, do 4.4.1997.

Emendas ó articulado, BOPG núm. 628, do 8.4.1997.

Debate de totalidade, DSPG núm. 136, do 8.4.1997.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 668, do 3.6.1997.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 671, do 9.6.1997.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 674, do 13.6.1997.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 146, do 17.6.1997.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 692, do 28.7.1997.

Diario Oficial de Galicia núm. 154, do 12.8.1997.

Boletín Oficial del Estado núm. 237, do 3.10.1997.

Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001

A Lei 9/1988, de estatística de Galicia, modificada pola Lei 7/1993, estableceu o marco legal que regula e desenvolve a actividade estatística en Galicia con obxecto de obter información suficiente, fiable e comparable da realidade económica, social e demográfica da Comunidade Autónoma.

Nesa lei institúese o Plan galego de estatística como o instrumento da ordenación e planificación desta actividade, mediante a progresiva constitución do sistema estatístico de Galicia, entendendo por este o conxunto ordenado e harmónico de métodos, procedementos e resultados estatísticos dos diferentes axentes institucionais del.

Esta lei desenvolve, polo tanto, as previsións da Lei de estatística en materia de planificación, establecendo un obxectivo central que se concreta nunha serie de obxectivos específicos e nuns criterios de decisión que permitan a priorización das actividades estatísticas que se inclúan nos correspondentes programas anuais.

Ademais, esta lei organiza as relacións de colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e as entidades públicas territoriais e non

territoriais galegas, autonómicas, estatais e europeas e as organizacións internacionais para a constitución dun sistema estatístico integral de Galicia, e establece as funcións do Instituto Galego de Estatística na execución deste plan.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Plan galego de estatística 1998-2001.

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1

O Plan galego de estatística 1998-2001 que se establece por esta lei é o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2

O Plan galego de estatística 1998-2001 é tamén o instrumento marco da colaboración institucional da

Xunta de Galicia e dos seus organismos e empresas, por un lado, e das entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, polo outro, quedando así orientado cara á progresiva constitución dun sistema estatístico integral de Galicia.

Artigo 3

O Plan galego de estatística 1998-2001 é, así mesmo, o instrumento marco da colaboración institucional da Xunta de Galicia e dos seus organismos e empresas, por un lado, e doutras entidades públicas estatais ou autonómicas así como europeas ou organizacións internacionais, polo outro, co fin de aproveitar ó máximo as informacións dispoñibles, evitando duplicidades innecesarias nas operacións de recollida de datos ou en calquera outra, e de logra-la progresiva coherencia, homoxeneidade e comparabilidade do sistema estatístico de Galicia cos do seu contorno.

Artigo 4

O Plan galego de estatística establece os obxectivos para o período de tempo comprendido entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro do ano 2001.

Artigo 5

As actividades que conteñan os programas estatísticos anuais que desenvolvan este plan serán levadas a cabo polas entidades mencionadas no artigo 2 desta lei, a través das súas respectivas unidades estatísticas, directamente ou en colaboración con outras entida-

des públicas ou privadas mediante a formalización de acordos, convenios ou contratos.

No caso da Xunta, as unidades ás que se refire o parágrafo anterior son os órganos estatísticos sectoriais previstos na Lei de estatística de Galicia.

Artigo 6

O Instituto Galego de Estatística é o organismo responsable de levar a termo este plan e os programas estatísticos anuais, sexa directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.

Para estes efectos, compételle ó Instituto:

a) Elaborar cada ano o proxecto de Programa estatístico anual, así como levar a cabo as actividades previas e preparatorias que se requiren para o cumprimento dos preceptos desta lei.

b) Presta-los servicios de apoio técnico que requiran as diferentes administracións públicas galegas ás que este plan e os correspondentes programas anuais lles encomenden a elaboración de estatísticas.

c) Levar a cabo as actividades estatísticas que lle encomenden este plan e os programas anuais que o desenvolven.

d) Elaborar e promove-la tramitación e aprobación dos proxectos de normas técnicas e reguladoras de estatísticas que prevé a Lei de estatística ou que lle encomenden

este plan e os correspondentes programas anuais.

e) Velar polo cumprimento da lexislación sobre estatística por parte das diferentes administracións públicas galegas ás que este plan e os correspondentes programas anuais lles encomenden a elaboración de estatísticas.

Artigo 7

Considéranse actividades estatísticas:

a) As que conducen á recompilación, elaboración, ordenación sistemática de datos e publicación e difusión de resultados, conforme establece o artigo 2 da Lei de estatística de Galicia.

b) As que sexan previas ou complementarias das anteriores e legalmente esixibles ou tecnicamente necesarias para poder cumprirlos requisitos que establece a lexislación sobre estatística, así como as de formación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normativo no campo estatístico. Estas actividades denomínanse actividades estatísticas instrumentais.

Capítulo II

Obxectivo central do plan

Artigo 8

O obxectivo central do Plan galego de estatística 1998-2001 é

o de conseguir un conxunto coherente, fiable e actualizado de datos estatísticos e que, co mínimo custo posible e co máximo aproveitamento das fontes existentes, permita o coñecemento da realidade económica, demográfica e social de Galicia, e que sexa útil para a toma de decisións das institucións públicas e dos axentes sociais, minimizándolle-las molestias ós cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo concrétese en distintas actividades enmarcadas nas seguintes áreas xenéricas de referencia:

1.— Área de estatísticas demográficas.

2.— Área de estatísticas sociolaborais, culturais e medioambientais.

a) Estatísticas sociolaborais.

b) Estatísticas de educación, cultura e investigación.

c) Estatísticas sanitarias.

d) Indicadores sociais e condicións de vida.

e) Estatísticas medioambientais.

3.— Área de estatísticas económicas.

a) Estatísticas básicas.

b) Estatísticas de síntese.

c) Estatísticas de conxuntura.

4.— Área de difusión.

5.— Área de metodoloxía, formación e organización.

Artigo 9

O obxectivo central establecido no artigo anterior será o criterio básico esencial para a toma de decisións de tódolos organismos implicados na execución do plan e servirá de primeiro criterio interpretativo para a aplicación desta lei e das disposicións para o seu cumprimento e desenvolvemento.

Capítulo III

Estructura do plan

Artigo 10

O obxectivo central do plan establecido no artigo 8 desenvólvese mediante o seguinte agrupamento por obxectivos operativos que han de ser cumpridos:

a) Obxectivos de información, encamiñados a satisfacer as necesidades de datos e resultados estatísticos.

b) Obxectivos instrumentais, dirixidos a desenvolver as normalizacións e os procedementos metodolóxicos necesarios para a correcta realización da actividade estatística.

c) Obxectivos de colaboración institucional, dirixidos a conseguir o uso máis racional dos recursos e das informacións dispoñibles polas distintas administracións públicas.

Artigo 11

Para o desenvolvemento do obxectivo central deste plan defínense nos capítulos seguintes, dentro de cada un dos grupos mencionados no artigo anterior, os criterios de decisión que permitirán a determinación das actividades estatísticas que formarán parte do plan.

Estes criterios de decisión son de dúas clases:

a) Criterios de decisión estrictos, que deberán ser observados todos, en tódolos casos e integralmente.

b) Criterios de decisión de preferencia, que deberán ser tidos en conta de maneira ponderada e sucesivamente, na orde de prelación que se estableza, durante o período de vixencia do plan.

Artigo 12

Para o desenvolvemento do obxectivo central deste plan establecido no artigo 8, establécense os obxectivos operativos do plan dentro de cada un dos grupos definidos no artigo 10 e considerando os criterios de decisión definidos no artigo 11.

Os obxectivos operativos representan a definición máis precisa que adopta esta lei para identificar as actividades estatísticas. Estes obxectivos inclúen:

a) Unha descrición normalizada da finalidade que se pretende.

b) Unha estimación normalizada do grao de complexidade técnica, metodolóxica e organizativa.

c) Unha estimación normalizada do seu custo directo medio anual.

d) Unha estimación normalizada do tempo que transcorra entre o inicio efectivo da actividade e a dispoñibilidade dos primeiros resultados.

Artigo 13

Para describir de maneira normalizada os obxectivos operativos adóptanse as regras que se definen no anexo 1 desta lei.

Capítulo IV

Obxectivos operativos de información

Artigo 14

Neste grupo de obxectivos de información existen os seguintes criterios estritos de decisión, que polo tanto deberán ser cumpridos ineludiblemente polas actividades estatísticas que se atopen en curso de realización:

a) Terán que dispoñer dun proxecto técnico ou dun esquema metodolóxico básico e terán que satisfacer os requisitos mínimos para ofreceren resultados fiables.

b) Hanse de axustar á legalidade e á normativa técnica vixente en materia estatística.

c) A súa metodoloxía debe permiti-la comparación dos seus resultados con outras estatísticas similares.

d) Ha de quedar garantida a súa actualización periódica.

Artigo 15

Co fin de cumprir-lo obxectivo central establecido no artigo 8, as actividades estatísticas que se inicien durante o período de vixencia deste plan tamén deberán satisfacer-los mesmos criterios de decisión estritos establecidos no artigo anterior.

Artigo 16

A implantación de novas actividades estatísticas atenderá os seguintes criterios de decisión preferencial:

a) Completar e harmoniza-lo conxunto de estatísticas dispoñibles sobre Galicia.

b) Metodoloxicamente, darlle preferencia á utilización de fontes existentes dispoñibles de información estatística e administrativa.

c) Diversifica-las estatísticas sociais dispoñibles, dándolles prioridade a novas estatísticas sociais relativas ás condicións de vida da poboación.

d) Servir ó eficaz desenvolvemento da organización estatística da Comunidade Autónoma e, particularmente, á consolidación do papel que a Lei de estatística lles

reserva ós órganos estatísticos sectoriais.

e) Tender á máxima desagregación territorial tecnicamente posible.

f) Non xerar duplicidades innecesarias con outras estatísticas existentes.

g) Presentar unha relación custo/beneficio óptima, entendendo o factor custo como a combinación do custo económico e do grao de complexidade técnica, metodolóxica e organizativa, e entendendo o factor beneficio como o grao de acercamento ós criterios descritos nos apartados anteriores.

Artigo 17

No que se refire a actividades estatísticas en curso, son obxectivos operativos deste grupo os que se relacionan no anexo 2 desta lei, con especificación do organismo que elabora a estatística.

Artigo 18

No que se refire a novas actividades estatísticas, son obxectivos operativos deste grupo os que se relacionan no anexo 3 desta lei.

Capítulo V

Obxectivos para estatísticas instrumentais

Artigo 19

Ademais dos obxectivos previstos no capítulo anterior, o cumpri-

mento do obxectivo central deste plan establecido no artigo 8 comporta a necesidade de levar a termo outras actividades estatísticas instrumentais, tanto para a realización das actividades estatísticas que se van iniciar en aplicación do que se establece no capítulo IV desta lei coma pola coherencia interna e externa do sistema estatístico de Galicia.

A decisión de iniciar estas actividades estatísticas instrumentais satisfará os seguintes criterios de decisión preferencial:

a) Que a súa aplicación contribúa a xerar economías de escala en termos de tempo e recursos empregados.

b) Que sexan tecnicamente necesarias e convenientes para alcanzar progresivamente a homoxeneidade no tratamento dos datos e mellora-la calidade e fiabilidade das estatísticas galegas.

c) Que contribúan á formación do persoal da Administración e dos usuarios da información estatística.

d) Que representen un avance tecnolóxico e innovador da metodoloxía estatística de aplicación progresiva en Galicia.

e) Que contribúa ó aproveitamento estatístico dos datos de orixe administrativa.

Artigo 20

Son obxectivos operativos neste grupo os que se relacionan no anexo 4 desta lei.

Capítulo VI

Obxectivos de colaboración institucional

Artigo 21

O Plan galego de estatística 1998-2001 incorporará no seu proceso de execución, a través dalgunha das vías previstas neste capítulo, actividades estatísticas que, coherentes cos obxectivos operativos, sexan de interese especial para as entidades públicas territoriais e non territoriais galegas.

Artigo 22

As entidades públicas territoriais e non territoriais galegas poderán solicita-la colaboración do Instituto Galego de Estatística para a realización das actividades estatísticas mencionadas no artigo precedente, con algún dos seguintes propósitos:

a) Realizar integramente estatísticas que consideren de especial interese, sempre que a proposta cumpra os obxectivos deste plan.

b) Incluír aspectos que consideren de especial interese nas estatísticas que se realicen durante a execución do plan.

c) Desagrega-los datos ou produtos de difusión que consideren de especial interese e que poidan derivar das estatísticas que se realicen na execución do plan.

d) Dispoñer do apoio técnico que precisen para desenvolveren

actividades estatísticas do seu interese coherentes cos obxectivos xerais deste plan.

Artigo 23

O Instituto Galego de Estatística poderase dirixir a todas ou a determinadas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas para:

a) Propoñe-la realización de estatísticas ou actividades estatísticas complementarias que considere de interese para o cumprimento do obxectivo da colaboración institucional e dos outros obxectivos deste plan.

b) Propoñe-la inclusión no ámbito do plan de estatísticas que estas entidades veñan realizando xa, se se considera de interese para o cumprimento do obxectivo da colaboración institucional e dos outros obxectivos deste plan.

Artigo 24

As propostas das entidades públicas deberán ir acompañadas da documentación seguinte:

a) Memoria xustificativa do especial interese e da adecuación da proposta ós obxectivos do plan.

b) Memoria descritiva da actividade estatística e do apoio técnico que se solicita.

c) Modo de financiamento da actividade proposta.

As propostas do Instituto Galego de Estatística previstas no arti-

go 23 deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa e descritiva da proposta e do interese para as entidades públicas destinatarias e para o cumprimento do artigo 2 desta lei, así como da súa adecuación ós restantes obxectivos deste plan.

b) Descrición das actividades de asistencia técnica e dos medios que o Instituto Galego de Estatística poñería ó servizo da realización da operación ou da actividade.

c) Proposta de financiamento da operación ou dos custos adicionais que supoña.

Artigo 25

Os termos de aceptación das propostas previstas no artigo anterior estableceranse mediante convenios de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e as entidades interesadas.

Artigo 26

O Instituto Galego de Estatística poderase dirixir a entidades estatais, autonómicas e europeas ou a organizacións internacionais para lles propoñe-la colaboración na realización de estatísticas ou de actividades estatísticas complementarias ou instrumentais, se se considera de interese para o cumprimento do obxectivo do artigo 3 e dos outros obxectivos deste plan.

Os termos de aceptación da proposta estableceranse mediante convenios de colaboración entre o

Instituto Galego de Estatística e as entidades e organizacións de que se trate.

En particular, establécese como obxectivo prioritario o impulso da cooperación transfronteiriza en materia estatística coa rexión norte de Portugal.

Capítulo VII

Execución do plan

Artigo 27

O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, aprobará cada ano por decreto, antes do 31 de decembro, o Programa estatístico anual para o ano seguinte.

Deste decreto daráselle conta ó Parlamento.

O proxecto de proposta de Programa estatístico anual será elaborado cada ano, antes do 15 de outubro, polo Instituto Galego de Estatística, que previamente terá efectuado consultas con tódalas institucións afectadas polo plan.

Este Programa estatístico anual consistirá na descrición precisa das actividades estatísticas que se levarán a termo durante o ano para o desenvolvemento dos obxectivos e en cumprimento dos preceptos desta lei.

Artigo 28

A inclusión dunha actividade estatística nun Programa estatísti-

co anual deberá ir acompañada das especificacións seguintes:

a) A enumeración das normas reguladoras vixentes que son aplicables na actividade estatística en cuestión, se non existisen xa.

b) Un articulado de normas específicas que, xuntamente coas citadas no apartado anterior, complete a regulación esixida pola Lei de estatística de Galicia.

c) En todo caso, a determinación precisa dos resultados estatísticos que han de ser sometidos ó trámite de aprobación, xunto coa forma de publicación e difusión de datos.

Artigo 29

A identificación e descrición no Programa estatístico anual dunha actividade estatística non instrumental comportará a declaración de interese público desta.

Co fin de garanti-lo cumprimento dos preceptos desta lei, encoméndaselle ó Instituto Galego de Estatística que preste o apoio técnico requirido polos organismos encargados da elaboración de estatísticas que respondan ós obxectivos operativos deste plan.

A inclusión dunha actividade estatística nos programas estatísticos anuais farase efectiva, en todo caso, en función das disponibilidades presupostarias e organizativas.

Artigo 30

A aprobación de resultados das actividades estatísticas incluídas

neste plan observará o procedemento seguinte:

a) As propostas de aprobación dos resultados estatísticos han de ser tramitadas previamente no Instituto Galego de Estatística, que emitirá un informe sobre o cumprimento das normas reguladoras que sexan aplicables.

b) Para a elaboración deste informe, o Instituto Galego de Estatística poderá requirir toda a información que considere necesaria do organismo ou da entidade pública que vaia realiza-la actividade, así como efectuar calquera outra intervención que estime conveniente para a verificación do proceso de realización da actividade e da súa adecuación ás normas reguladoras.

c) Se o informe é favorable, o Instituto Galego de Estatística aprobará con carácter provisional os resultados, e daralles conta ó Consello Galego de Estatística e á Xunta de Galicia.

Se transcorrido o prazo de tres meses non se reciben obxeccións expresas a aqueles, quedarán aprobados definitivamente, e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*, pasando a partir da data de publicación a ser aplicables obrigatoriamente ás relacións e situacións xurídicas nas que a Comunidade Autónoma de Galicia teña competencia para impoñelos.

Artigo 31

Co fin de facer efectiva a obriga-
ción do Instituto Galego de Estatís-

tica de velar polo cumprimento das normas vixentes sobre estatística, e en particular das que prevé este plan e das normas que o desenvolven, atribúeselle ó Instituto a facultade inspectora das actividades estatísticas sometidas ó plan.

Capítulo VIII

Da difusión dos resultados estatísticos

Artigo 32

Co fin de conseguilo obxectivo central do plan estatístico establecido polo artigo 8, a difusión dos resultados das actividades estatísticas debe responder ós principios de actualidade dos datos e de celeridade na difusión, con especial atención ás novas tecnoloxías da información.

Santiago de Compostela, 31 de xullo 1997

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Anexo 1

Regras para a descrición normalizada dos obxectivos operativos da Lei do Plan galego de estatística 1998-2001

Para referir de forma normalizada os obxectivos operativos adóp-

tanse nesta lei as seguintes regras:

1.^a) Menciónanse en primeiro lugar os fins que se pretenden e a continuación realízanse as descrições das operacións estatísticas, indicando os trazos máis xerais das actuacións e das súas fontes.

2.^a) As estimacións do grao de dificultade técnica, metodolóxica e organizativa realízanse utilizando a seguinte clasificación referida á operación estatística:

a) Sinxela: cando o grao de dificultade é equivalente ó das operacións estatísticas habituais e respecto das que se ten un grao moi alto de experiencia no Instituto Galego de Estatística ou no organismo responsable.

b) Complexa: cando o grao de dificultade é equivalente ó das operacións pouco habituais e que requiren un proceso específico de reflexión técnica ou metodolóxica ou unha definición organizativa especial no Instituto Galego de Estatística ou no organismo responsable, pero xa existindo nestes algunha experiencia similar.

c) Moi complexa: cando o grao de dificultade é equivalente ó das operacións estatísticas que requiren un proceso específico e de contido experimental nos niveis técnico, metodolóxico ou organizativo, e non existe experiencia aplicable no Instituto Galego de Estatística ou no organismo res-

ponsable.

3.^a) As estimacións de custo realízanse utilizando a seguinte clasificación:

a) Custo moi baixo: se se estima que o custo anual de execución da actividade é de ata 12 millóns de pesetas de 1997.

b) Custo baixo: se se estima que o custo anual de execución da actividade está entre máis de 12 millóns e ata 24 millóns de pesetas de 1997.

c) Custo moderado: se se estima que o custo anual de execución da actividade está entre máis de 24 millóns e ata 48 millóns de pesetas de 1997.

d) Custo alto: se se estima que o custo anual de execución da actividade está entre máis de 48 millóns e ata 72 millóns de pesetas de 1997.

e) Custo moi alto: se se estima que o custo anual de execución da actividade está entre máis de 72 millóns e ata 100 millóns de pesetas de 1997.

f) Custo extraordinario: se se estima que o custo anual de execución da actividade é de máis de 100 millóns de pesetas de 1997.

4.^a) As estimacións do tempo que transcorre entre o inicio efectivo da actividade e a dispoñibilidade dos primeiros resultados realízanse utilizando a clasificación seguinte:

a) Dispoñibilidade inmediata:

cando a actividade está a producir resultados de forma continuada.

b) Dispoñibilidade a prazo curto: se se estima que o período de tempo é inferior a un ano.

c) Dispoñibilidade a prazo medio: se se estima que o período de tempo é superior a un ano e inferior a dous anos.

d) Dispoñibilidade a prazo longo: se se estima que o período de tempo é superior a dous anos.

Anexo 2

Obxectivos operativos
de información relativos
a operacións estatísticas en curso

1. Área de estatísticas demográficas.

1.

Nome: Censo de poboación e vivendas.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la estrutura e as características da poboación de Galicia, así como as características das súas vivendas.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Extraordinario.

Dispoñibilidade: Prazo medio.

2.

Nome: Estructura da poboación.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-los cambios

na estrutura da poboación de Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Disponibilidade: Prazo curto.

3.

Nome: Movemento natural da poboación: nacementos.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-lo número e as características dos nacementos ocorridos en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Disponibilidade: Prazo curto.

4.

Nome: Movemento natural da poboación: defuncións.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-lo número e as características das defuncións ocorridas en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Disponibilidade: Prazo curto.

5.

Nome: Movemento natural da poboación: matrimonios.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-lo número e as características dos matrimonios celebrados en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Disponibilidade: Prazo curto.

6.

Nome: Movements migratorios. Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-lo número e as características das migracións ocorridas en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Disponibilidade: Prazo curto.

7.

Nome: Proxeccións de poboación.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Reduci-la incerteza sobre a evolución futura da poboación de Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Disponibilidade: Prazo medio.

2. Área de estatísticas sociolaborais, culturais e medioambientais.

a) Estatísticas sociolaborais.

8.

Nome: Enquisa de poboación activa en Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Explorar exhaustivamente e difundir trimestralmente os datos sobre a enquisa de poboación activa en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.
Dispoñibilidade: Inmediata.

9.

Nome: Mercado de traballo en Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Elaborar información de síntese sobre o mercado de traballo en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

b) Estatísticas de educación, cultura e investigación.

10.

Nome: Directorio de centros de ensino privado.

Organismo responsable: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Obxectivo: Identificalo enderezo e as demais características dos centros de ensino privado en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

11.

Nome: Enquisa de financiamento e gastos do ensino privado.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-los ingresos e os gastos dos centros de ensino privado en Galicia segundo o financiamento e os custos dos diferentes niveis de ensino e servi-

cios complementarios, así como os datos sobre a estrutura de persoal e a actividade destes centros.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

c) Estatísticas sanitarias.

12.

Nome: Análise da mortalidade en Galicia.

Organismo responsable: Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Obxectivo: Coñece-la mortalidade en Galicia e as súas causas.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moderado.

Dispoñibilidade: Prazo medio.

3. Área de estatísticas económicas.

a) Estatísticas básicas.

13.

Nome: Enquisa de bovino.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la produción, a man de obra, os custos e os ingresos das explotacións de ruminantes en Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

14.

Nome: Censo da flota pesqueira.

Organismo responsable: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Obxectivo: Coñece-la estrutura

da flota pesqueira galega.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Inmediata.

15.

Nome: Comercio exterior de Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-los fluxos de mercadorías de Galicia co estranxeiro segundo as nomenclaturas arancelarias e de actividade económica.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

16.

Nome: Intercambio de mercadorías co norte de Portugal.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-los fluxos de mercadorías de Galicia co norte de Portugal.

Grao de dificultade: Moi complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

17.

Nome: Estatística de edificación e vivenda.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la actividade do sector de edificación e vivenda.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

18.

Nome: Directorio de aloxamentos hoteleiros.

Organismo responsable: Secretaría Xeral para o Turismo.

Obxectivo: Coñece-la estrutura e a localización territorial dos centros de aloxamento hoteleiros.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

19.

Nome: Directorio de casas de turismo rural.

Organismo responsable: Secretaría Xeral para o Turismo.

Obxectivo: Coñece-la estrutura e a localización territorial das casas de turismo rural en Galicia.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

b) Estatísticas de síntese.

20.

Nome: Macromagnitudes agrarias.

Organismo responsable: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Obxectivo: Coñece-las principais macromagnitudes do sector agrario en Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

21.

Nome: Contas do sector pesqueiro.

Organismo responsable: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Obxectivo: Coñece-las principais macromagnitudes do sector pesqueiro en Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

22.

Nome: Contas da industria agroalimentaria.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-las principais macromagnitudes da industria agroalimentaria en Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

23.

Nome: Análise económico-financeira sectorial de empresas galegas.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística/Instituto Galego de Promoción Económica.

Obxectivo: Coñece-la estrutura económico-financeira das empresas galegas a través da información contida no Rexistro Mercantil.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

24.

Nome: Contas das administracións públicas galegas.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la actividade económica do sector público de Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

25.

Nome: Contas económicas de Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la actividade económica de Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Baixo.

Dispoñibilidade: Prazo curto.

26.

Nome: Táboa *input-output* de Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-las relacións intersectoriais da economía de Galicia.

Grao de dificultade: Moi complexo.

Custo estimado: Extraordinario.

Dispoñibilidade: Prazo longo.

c) Estatísticas de conxuntura.

27.

Nome: Produción e prezos do leite.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la evolución da cantidade entregada polos produtores de leite e a evolución do prezo percibido por estes.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Alto.

Dispoñibilidade: Inmediata.

28.

Nome: Prezos agrarios.

Organismo responsable: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Obxectivo: Seguimento da evolución dos prezos percibidos e pagados polos agricultores.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Moderado.

Dispoñibilidade: Inmediata.

29.

Nome: Índice de produción industrial.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la evolución da actividade industrial en Galicia.

Grao de dificultade: Complexo.

Custo estimado: Baixo.

Dispoñibilidade: Inmediata.

30.

Nome: Enquisa continua de ocupación hoteleira.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-lo número de viaxeiros aloxados en hoteis e

hostais, as pernoctacións e o grao de ocupación.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Inmediata.

31.

Nome: Informe da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma.

Organismo responsable: Consellería de Economía e Facenda.

Obxectivo: Coñece-los principais resultados económico-financeiros da execución presupostaria da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Inmediata.

32.

Nome: Recadación de tributos cedidos.

Organismo responsable: Consellería de Economía e Facenda.

Obxectivo: Coñece-la evolución da recadación por tributos cedidos na Comunidade Autónoma.

Grao de dificultade: Sinxelo.

Custo estimado: Moi baixo.

Dispoñibilidade: Inmediata.

33.

Nome: Contabilidade trimestral de Galicia.

Organismo responsable: Instituto Galego de Estatística.

Obxectivo: Coñece-la evolución trimestral das principais macro-

